

## ACTA Nº 43/10

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 25 DE OUTUBRO 2010**

#### **Asistentes:**

#### CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.  
D. Victor Pastoriza Lino  
Dona Libertad Cruz Couso  
D. Daniel Rodas Chapela.  
D. Valentín Piñeiro González.

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 25 de outubro de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Non se traen actas a aprobacion.

#### **2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.**

Dáse conta que nas resolucións nºs 510 e 511/10, do 19 de outubro, e na 519/10, do 25 de outubro de 2010, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para o recoñecemento da obriga.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

#### **3.- LICENZAS DE OBRAS**

Vistos os expedientes instruídos a instancia das persoas interesadas que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

**3.A) EXPTE. 156/10 – D. JULIO GIRÁLDEZ BARREIRO** presenta proxecto de conservación de cuberta en vivenda unifamiliar no barrio do Casal, 36, San Martiño-Moaña, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado o 07.09.2010,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 19 de outubro de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** PROXECTO DE CONSERVACIÓN DE CUBERTA (OBRA MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza das obras de conservación**

Precisa informe sectoriais

No expediente consta informe da Deputación Provincial. A teor deste só se poderán autorizar obras de conservación, hixiene e ornato destinadas a garantir as mínimas condicións de habitabilidade, quedando prohibidas aquelas obras que conleven aumento de volumen, modificación de estrutura e/ou fachada ou consolidación, mellora ou ampliación da edificación.

Edificación en situación de fóra de ordenación afectada por un sistema xeral.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais e substitución da tella actual por tella mixta. Preservará o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción .....	131,75 €
Taxas licenza urbanística .....	65,00 €
Cartel .....	110,00 €

**3.B) EXPTE. 173/09 – CAIXANOVA, S.A.**, representada polo Sr. Gefaell Chamochín, presenta proxecto técnico de reparación de elementos do revestimento de madeira do teito da terraza-balcón no portal de vivendas da rúa Concepción Arenal, nº 170, do barrio da Praia-Moaña, redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Ramón Mantilla Álvarez, visado o día 14.08.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 19 de outubro de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** PROXECTO PARA REVESTIMENTO DE FACHADAS (OBRA MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza das obras de conservación e ornato definidas na documentación técnica presentada.**

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outorgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na simple conservación e ornato da edificación con reparación dos elementos de madeira do teito da terraza-balcón da fachada.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción .....	14,84 €
-----------------------------	---------

Taxas licenza urbanística ..... 65,00 €

**3.C) EXPTE. 175/10 – D<sup>a</sup> MARÍA ISABEL TRIGO DURÁN E D. ANTONIO CAMAÑO CASAS** presentan proxecto básico e execución de repación e coconservación de vivenda unifamiliar existente no lugar da Bouza nº 32, do barrio de Quintela, redactado polo arquitecto D. Juan Fernández Rivas, visado o 27.08.2010,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 19 de outubro de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outórgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria constructiva do proxecto levantando a tella plana como elemnto de cubrición introducindo sobre a estrutura existente e baixo a tella planchas de onduline así como a conservación exterior da edificación reparando fiestras e portas de aluminio. Preservarase o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saude.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción ..... 213,80 €  
Taxas licenza urbanística ..... 65,00 €  
Cartel ..... 110,00 €

**3.D) EXPTE. 128/10 – D<sup>a</sup> LATIFA ZINATI** presenta proxecto básico e de execución de porche en vivenda unifamiliar xa existente na Marrúa nº 14B, redactado polo estudo técnico Arquitectura e Urbanismo Morrazo S.L.P., visado o 21.07.2010,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 20 de outubro de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA PORCHE EN V. UNIFAMILIAR. (O.MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza.**

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización do Servizo de infraestruturas do Departamento territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas. **O posicionamento do porche efectuarase a unha distancia mínima de 7,00 m. do bordo da explanación, ou sexa, a 14,00 m. do eixo da estrada medidos perpendicularmente a mesma.** En ningún caso se autoriza segundo o plano adxuntado á solicitude, ao pretender situalo aunha distancia de 13,00m. do eixo da estrada.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción ..... 100,90 €

Taxas licenza urbanística .....	65,00 €
Cartel .....	110,00 €

#### **4.- LICENZA DE OBRAS ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE**

**4.A) EXPTE. 208/09 – D<sup>a</sup> CORAL RÍOS SANTOMÉ** presenta proxecto de acondicionamento de local destinado a videoclub na rúa As Barxas, núm. 11, do barrio do Redondo-Moaña, redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Andrés Pérez González, visado o 20.10.2009,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 19 de outubro de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** LICENZA DE OBRAS E ACTIVIDADE PARA VIDEO CLUB

**INFORME:** **Procede licenza de obras e actividade** destinada a **video club** de acordo co proxecto técnico.

O apartado 3 do artigo 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais –Decreto de 17 de xuño de 1955- especifica que con arreglo ao proxecto presentado, a edificación dun inmovible se destinará a establecemento de características determinadas, non se outorgará a licenza de obras sen o otorgamento da licenza de apertura se fose procedente.

Abondando na cuestión, o apartado 2 do Artigo 196 da lei 9/2002, reformada pola lei 15/2004 de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia nos afirma que nos supostos que esixan licenza de actividade ou apertura e, ademais, licenza urbanística, serán obxecto duna soa resolución, sen prexuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas de cada intervención administrativa.

A ordenanza de usos das NN. SS de Planeamento municipal resulta compatible.

O local para ser susceptible de apertura e funcionamento deberá ser inspeccionado polos servizos municipais unha vez presentado o certificado fin de obra do facultativo director das mesmas.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	321,54 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico e do secretario municipal, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes existentes no mentado expediente, e tras o pagamento das taxas correspondentes, acorda:

**PRIMEIRO:** Outorgar licenza de actividade que solicita D<sup>a</sup> CORAL RÍOS SANTOMÉ para a actividade de VIDEOCLUB

**SEGUNDO:** Outorgar a licenza urbanística para as obras de “PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL DESTINADO A VIDEOCLUB. A licenza urbanística determina o devengo do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e en consecuencia, apróbase a liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións

e Obras, de conformidade co orzamento incluído no proxecto presentado, polas cantidades arriba referidas.

TERCERO.- Non poderá comezarse a exercer a actividade mencionada en tanto non se conceda a LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA E POSTA EN FUNCIONAMENTO que deberá solicitar o interesado, declarando a execución das obras de conformidade cos termos desta Licenza, acompañando á petición, certificado do Técnico Director das obras ou instalacións en que se especifique a súa conformidade cos termos desta Licenza, sen prexuízo de que todo o anterior sexa corroborado polo arquitecto técnico municipal a cuxo efecto levantará Acta de Comprobación.

**4.B) EXPTE. 22/10 – CORDEIRO S.L. representada por D<sup>a</sup> Rosa Martínez Barreiro** presenta proxecto básico para a construción dun edificio de soto para rochos, dúas plantas de soto para garaxes e rochos, baixo sen dividir, e catro plantas e baixocuberta para 38 vivendas e 6 oficinas en licenza de obras e actividade, no plan de sectorización A Xunqueira A-2, polígono 2 – parcela 4, redactado polo estudo de arquitectura J. ARKMO de Moaña, arquitecto D. José Díaz de la Iglesia.

Dáse conta do informe do arquitecto da asistencia técnica municipal, do día 22 de outubro de 2010, que literalmente di:

Asunto: **Solicitud de Licenza de obra maior, de soto para rochos, 2 plantas de soto para garaxes e rochos, baixo sen dividir e catro plantas e baixocuberta para vivendas e oficinas.**  
Emprazamento: **Parcela 4. Polígono 2, Plan de Sectorización A Xunqueira A-2. Moaña.**

#### **INFORME**

##### **Antecedentes.**

En data 6 de outubro de 2010, emítese informe de emendas neste expediente 22/10. Procedéndose agora a presentar documentación complementaria para resolver as mencionadas emendas.

##### **Consideracións.**

1.-O solar no dispón dos servizos urbanísticos neste momento, e na documentación presentada recóllese que se disporá simultaneamente dos mesmos e sempre antes da licenza de primeira ocupación de vivendas e actividade das oficinas proxectadas.

2.-Presentase proxecto de actividade para oficinas e despachos para uso privado segundo se desprende da memoria e por tanto non poderán ser destinadas a uso público, en todo caso a licenza de actividade para uso Administrativo para uso privado, considerase provisoria ata o momento da inspección final do edificio.

3.-Apórtase a documentación de Planos de seccións polo acceso de peóns e polo acceso de garaxes, referenciada con cotas respecto a urbanización a executar, cumprindo os criterios de accesibilidade.

4.-Corríxense os aspectos relativos a normativa de habitabilidade de aplicación é o Decreto 29/2010 do 4 de marzo que regula as Normas do Habitat.

5.-Seguindo o criterio interpretativo implantado no uso de garaxes do Concello de Moaña, poderase computar como acceso complementario o de vehículos en garaxes-aparcamentos de 800

a 3000 m<sup>2</sup> , a escaleira de acceso dende o portal do edificio con vestíbulo estanco, con dobres portas, resistente ó lume e con resortes de retención para posibles ataques ó lume e salvamento de persoas.

Corríxense os puntos referentes a radios, prazas de garaxes e demais aspectos de garaxes.

Plantas de vivendas.- especificase a ventilación en tendais de ventilación forzada a mesma con tomas e saídas.

5.Xustificase a normativa CTE DBSI, separando os usos de vivenda e oficinas.

6.A normativa de accesibilidade xustificase o uso de oficinas independentemente do uso residencial, así mesmo e por tratarse de obra en urbanización de nova creación deberá xustificar o cumprimento na urbanización correspondente a fronte e accesos a edificación en portal.

Por todo isto

Dende o meu leal saber e entender e despois de estudiadas as consideracións anteriores, pódese deducir as seguintes

Conclusións.

**Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de soto para rochos, 2 plantas de soto para garaxes e rochos, baixo sen dividir, e catro plantas e baixocuberta para 38 vivendas e 6 oficinas en licenza de obras e actividade. O inicio das obras queda condicionada a presentación de proxecto de execución e demais documentación administrativa establecida na ordenanza.**

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	61.863,47€
Taxas licenza urbanística.....	5.957,49 €
Cartel de obra.....	220,00 €
Sumidoiros (5 oficinas e 38 vivendas).....	<b>7.740,00 €</b>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe da asistencia técnica e do secretario municipal, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes existentes no mentado expediente, e tras o pagamento das taxas correspondentes, acorda:

PRIMEIRO: Outorgar licenza de actividade para 6 locais que solicita CORDEIRO, S.L. para a actividade de OFICINAS.

SEGUNDO: Outorgar a licenza urbanística para as obras de **soto para rochos, 2 plantas de soto para garaxes e rochos, baixo sen dividir e catro plantas e baixocuberta para 38 vivendas e 6 oficinas**. A licenza urbanística determina o devengo do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e en consecuencia, apróbase a liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, de conformidade co orzamento incluído no proxecto presentado, polas cantidades arriba referidas.

TERCEIRO.- Non poderá comezarse a exercer a actividade mencionada en tanto non se conceda a LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA E POSTA EN FUNCIONAMENTO que deberá solicitar o interesado, declarando a execución das obras de conformidade cos termos desta Licenza, acompañando á petición, certificado do Técnico Director das obras ou instalacións en que se especifique a súa conformidade cos termos desta Licenza, sen prexuízo de que todo o anterior sexa corroborado polo arquitecto técnico municipal a cuxo efecto levantará Acta de Comprobación.

## 5.- LICENZAS DE APERTURAS

**5.A) EXPTE. 25/10 – OLAYA CARRERA VARELA**, solicita, mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 29 de xullo de 2010, licenza de apertura para establecer un local de Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e bebidas en establecemento con vendedor, no baixo da rúa Alcalde Fandiño, 8.

Visto o informe do aparelador municipal do 20 de outubro de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** COMERCIO POLO MIUDO DE ALIMENTACIÓN E BEBIDAS.

**INFORME:** **Procede licenza de apertura e funcionamento da actividade non clasificada.**

Non require licenza urbanística por non acometerse obras.

Non require informes sectoriais por proceder o acondicionamento dunha actividade similar anterior.

Atendendo o disposto no Artigo 194.2 da LOUGA sométese a licenza o presente acto por constituír un uso do solo.

A presente actividade de **comercio polo miúdo de alimentación e bebidas**, resulta compatible co planemento urbanístico dadas as características da mesma; o local, atendendo o disposto no Artigo 22.2 do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, unha vez inspeccionado polo arquitecto técnico municipal e inspector de obras, cumpre coas condicións de tranquilidade, seguridade e salubridade que quedan de manifesto na documentación técnica presentada.

### Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura ..... 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e de acordo co informe do aparelador municipal, acorda conceder a **D.ª OLAYA CARRERA VARELA** licenza para a implantación da actividade de COMERCIO POLO MIÚDO DE ALIMENTACIÓN E BEBIDAS no local situado no baixo da rúa Alcande Fandiño, 8, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

**5.B) EXPTE. 24/10 – D.ª MONTSE VILLAR FERRADÁS** solicita mediante instancia con entrada no rexistro do Concello o día 19 de xullo de 2010, licenza de apertura de local destinado a comercio polo miúdo para a venda de roupa e calzado deportivo na rúa Palmás, 85, baixo, Domaio.

Visto o informe do aparelador municipal do 20 de outubro de 2010 que literalmente di:

APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA CON OBRAS DESTINADA COMERCIO POLO MIUDO PARA A VENDA DE ROUPA E CALZADO DEPORTIVO.  
INFORME: Procede licenza de apertura para establecemento comercial destinado a **comercio polo miúdo para a venda de roupa e calzado deprtivo** a favor de **Montse Villar Ferradás**.

Actividade suxeita a licenza de apertura a tenor do determinado no Artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Licenza de obras e actividade nº 97/10 outorgada en sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día 29 de xuño de 2010.

A ordenación de usos das NN.SS. de Planeamento Municipa para a zona determina a súa compatibilidade.

A licenza urbanística de uso e obras outórgase definitivamente mediante unha única resolución simultánea coa licenza de actividade (Artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro); a licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas aos efectos de verificación que os locais e instalacións reúnen as condicións do proxecto, así como a Acta de Comprobación asinada polo Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras que queda adxunta ao expediente.

Vista a acta de comprobación asinada polo arquitecto técnico municipal e polo inspector de obras de data 7 de setembro de 2010, que literalmente di:

Aos efectos da ulterior licenza municipal de apertura e posta en funcionamento da actividade non clasificada destinada a **VENDA POLO MIUDO DE ROUPA E CALZADO DEPORTIVO** cuxa titular resulta ser **Montse Villar Ferradas**, a cal declara a execución das obras de acordo coa licenza urbanística de obras e actividade (Expediente 97/10) outorgada pola xunta de Goberno Local celebrada o día 29 de xuño de 2010, o Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras corroboran a adecuación do local levantando a presente Acta de Comprobación.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Licenza municipal de apertura ..... 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a **D<sup>a</sup> MONTSE VILLAR FERRADAS**, licenza de apertura para establecemento comercial destinado a **VENDA POLO MIÚDO DE ROUPA E CALZADO DEPORTIVO** no local situado en Palmás, 85, baixo, Domaio, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

### **6.- PROPOSTAS DE GASTO**

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a



tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEEDOR	PARTIDA	IMPORTE
DEPORTES	Subministro combustible campo de fútbol do Casal	Gasoleo do Lérez, s.l.	3420 22103 RC 1478	589,52 €
SERVIZOS SOCIAIS	Castañas para o magosto na celebración de San Martiño	Agrícola Moañesa	2310 22620 RC 1479	780,00 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado pola retención de crédito efectuada para estes gastos,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as propostas de gasto, autorizándoo e comprometéndoo tal e como se reflicte na taboa.

#### **7.- RENOVACIÓN PÓLIZAS DE SEGUROS DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS.**

Visto que procede a renovación da póliza do seguro do vehículo municipal asignado ao departamento de servizos, matrícula PO4321BK,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga polo importe de 276,74 euros a favor de AON GIL Y CARVAJAL, S.A. pola renovación da póliza do seguro do vehículo matrícula PO4321BK, imputandoo á partida 1550 22400 RC nº 1480.

#### **8.- MODIFICACIÓN DE SUBSTITUCIÓN MANDOS POLICÍA LOCAL**

Visto o informe do xefe da Policía local do 15 de outubro de 2010,

Vista a proposta do delegado de persoal do 21 de outubro de 2010, que di:

Nas Xuntas de Goberno de datas 8 de maio e 12 de agosto do ano actual, aprobáronse a lista de substitucións de mandos da Policía local por mor das vacacións anuais do ano 2010.

Posteriormente e motivado a que algúns dos axentes nomeados para facer as substitucións aprobadas, renunciaron a facelas.

A proposta do Xefe da Policía Local, este delegado de persoal, **PROPÓN** a Xunta de Goberno Local, se modifique e se aprobe novamente as substitucións de mandos da policía, quedando redactado da seguinte maneira:

- D. Francisco Javier Blanco Portela, funcións de oficial dende o 21 de maio de 2010 ata o 30 de xuño de 2010, substituíndo ao oficial Jesús García Rodas.

- D Francisco Javier Blanco Portela, realizou funcións de oficial dende o 1 de xullo de 2010 ata o 31 de xullo de 2010 substituíndo ao oficial Xurxo Xan Casal Blanco.
- D. Francisco Javier Blanco Portela, realizou funcións de oficial dende 1 de agosto de 2010 ata o 31 de agosto de 2010, substituíndo ao oficial Eugenio Gestido Malvido.
- A substitución do inspector Lois Alberte Casás Curro (do 3 de setembro de 2010 ao 13 de outubro de 2010) foi feita polo oficial Xurxo Xan Casal Blanco.
- A substitución do oficial Xurxo Xan Casal Blanco, foi feita polo policía Francisco Javier Blanco Portela do 3 de setembro ao 13 de outubro de 2010.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

## **9.- AXUDAS EXTRASANITARIAS**

**9.A)** D. Javier Gil Collazo, traballador laboral fixo do Concello, solicita axuda extrasanitaria para gastos oftalmolóxicos segundo o convenio de persoal laboral, e achega prescrición facultativa e factura por importe de 320 euros,

Visto o informe favorable do interventor do 19 de outubro de 2010 ao recoñecemento da obriga por importe de 280,00 euros (100 % dos lentes -240€- e 50% da montura -40€).

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a axuda extrasanitaria a D. Javier Gil Collazo para a adquisición de gafas, e así aprobarlle o recoñecemento da obriga, por importe de 280,80 euros, con cargo a partida 2210.16204 en concepto de axuda extrasanitaria.

**9.B)** D<sup>a</sup> María Carmen Casás Cordeiro, traballadora laboral temporal do Concello, solicita axuda extrasanitaria para gastos odontolóxicos (reparación de prótese dental) segundo o convenio de persoal laboral, e achega informe e factura de clínica por importe de 50 euros.

Visto o informe do interventor do 21 de outubro de 2010, no que solicita emisión de criterio interpretativo por órgano competente sobre se a reparación de próteses dentais están incluídas ou non dentro dos conceptos subvencionados,

Visto o artigo 25 do convenio colectivo do persoal laboral, que establece a contía das axudas para próteses bucais no 50%,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes e ao entender a reparación de próteses incluída dentro dos conceptos subvencionados, acorda o recoñecemento da obriga a favor de D<sup>a</sup> María Carmen Casas Cordeiro, por importe de 25,00 euros, con cargo a partida 2210.16204 en concepto de axuda extrasanitaria.

**9.C)** D<sup>a</sup> Eufrasia Rial Calvo, traballadora laboral fixa do Concello, solicita axuda extrasanitaria para gastos odontolóxicos segundo o convenio de persoal laboral, e

achega informe e factura de clínica por importe de 192 euros (64 € empaste e 128 € remodelado da prótese parcial).

Visto o informe do interventor do 21 de outubro de 2010, no que solicita emisión de criterio interpretativo por órgano competente sobre se a reparación de próteses dentais están incluídas ou non dentro dos conceptos subvencionados, e informa favorablemente o recoñecemento da obriga por importe de 64,00 euros (empaste)

Visto o artigo 25 do convenio colectivo do persoal laboral, que establece a contía das axudas para próteses bucais no 50% do seu importe, e no 100% para empastes e endodoncias.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes e ao entender a reparación de próteses incluída dentro dos conceptos subvencionados, acorda o recoñecemento da obriga a favor de D<sup>a</sup> Eufrasia Rial Calvo, por importe de 128,00 euros, con cargo a partida 2210.16204 en concepto de axuda extrasanitaria.

**9.D)** D<sup>a</sup> Isabel Labrador Castro, traballadora laboral fixa do Concello, solicita axuda extrasanitaria para gastos oftalmolóxicos segundo o convenio de persoal laboral, e achega prescrición facultativa e facturas por importe de 300 euros, por gafas de cerca e de lonxe.

Visto o informe do interventor do 5 de agosto de 2010, que salienta a particularidade da adquisición de dúas gafas para a mesma traballadora, e informa favorablemente o recoñecemento da obriga,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a axuda extrasanitaria a D<sup>a</sup> Isabel Labrador Castro para a adquisición das gafas de cerca, e así aprobarlle o recoñecemento da obriga, por importe de 138,80 euros, con cargo a partida 2210.16204 en concepto de axuda extrasanitaria.

## **10.- AXUDAS POR ESTUDOS FUNCIONARIOS CURSO 2009/2010**

Vistas as solicitudes realizadas por funcionarios/as deste Concello para axudas por estudos,

Visto o informe de Intervención do 6 de maio de 2010, no que indica que D<sup>a</sup> Sara Rey Vieites non cumpre a condición establecida no artigo 1 do Regulamento de axudas sociais para o persoal funcionario e ademais a súa solicitude foi achegada fóra do prazo establecido no artigo 7 do Regulamento. Ademais, conclúe emitindo informe de reparo ao pagamento das axudas aos estudos do persoal funcionario xa que a documentación achegada non cumpre con todos os requisitos indicados no artigo 2 do Regulamento (proposta da “mesa de negociación” e xustificante ou factura do gasto contraído para os casos nos que se esixe no artigo 2.2),

